

ESTA SEMANA TOCA CONSTRUIR UN INSTRUMENTO. PODES COLLER UN DOS QUE APARECEN MÁIS ABAIXO E SEGUIR OS PASOS OU FACER OUTRO QUE CHE GUSTE MÁIS.

OBRADOIRO DE INSTRUMENTOS






TAMBORÍN XIRATORIO

MATERIAIS:

- Un pau (vale tamén un lapis, un rotulador vello...)
- Dous macarróns
- Un envase de quesitos baleiro
- Cordel
- Celo
- Tesoiras


CONSTRUCCIÓN:



O envase xa trae dous buracos. Pasamos polo medio un cordel e atamos en cada extremo un macarrón.



No centro do envase xa hai un corte. Ao seu lado facemos dous cortes como na imaxe.



Aproveitamos o buraco que fixemos para poñer o pau de mango (eu fíxeno cun rotulador). Poñemos a tapa e listo!



DEBE FACERSE COA
AXUDA DUN
ADULTO!



GUITARRA


MATERIAIS:

- Un bote ou botella baleiro (de suavizante, auga...)
- Gomas elásticas
- Unha pinza
- Chinchetas


CONSTRUCCIÓN:




Fai un buraco redondo
no centro da botella coa
axuda dun adulto.



Coloca a goma na
chincheta e crávaa
debaixo do círculo que
fixeches. Coloca a pinza
debaixo do buraco, non é
necesario pegala, cando
estires as gomas xa se
aguantan soas.



Engancha o outro
extremo das gomas en
chinchetas e crávaas de
xeito que queden
estiradas.



CASTAÑOLAS

MATERIAIS:

- Unha tira de goma eva, cartón, espuma
- Dous tapóns
- Pegamento


CONSTRUCCIÓN:



Bota pagamento nos tapóns



Pega cada tapón en cada extremo da tira.



Pola parte de atrás podes decoralo como máis che guste!



MARACAS

MATERIAIS:

- O cartón dun rolo de papel hixiénico.
- Arroz.
- Pegamento.
- Un folio ou un cacho de cartón

CONSTRUCCIÓN:



Pega un extremo e despois dóbralle as esquinas.



Bótalle arroz dentro



Failla unha tapa de cartón ou de papel e péga.

Agora só falta que o decore como queiras!

QUE INSTRUMENTO FIXECHES TI?

NOME DO INSTRUMENTO:

MATERIAIS EMPREGADOS:

FAI UN DEBUXO DO INSTRUMENTO QUE CONSTRUÍCHES OU MÁNDAME UNHA FOTO:

